

[www.unidaspodemos.info](http://www.unidaspodemos.info)

Queremos unha Europa solidaria e democrática, do benestar, ecoloxista, feminista, que promova a paz, asegure os dereitos e as liberdades, e protexa a diversidade cultural. Unha Europa que se ocupe dos problemas cotiás da xente, que responda aos intereses da maioría e que asegure un futuro para todos e todas.

**E para iso, propoñemos dez eixos para cambiar Europa.**

 **UNIDAS  
PODEMOS**



**UNIDAS  
PODEMOS  
CAMBIAR**


**EU  
RO  
PA**

26 de maio  
eleccións  
europeas

M<sup>a</sup> Eugenia  
Rodríguez  
**PALOP**

26 de maio  
eleccións  
europeas

 **UNIDAS  
PODEMOS**



## 1. DEMOCRACIA

As institucións da Unión Europea con lexitimidade democrática son as que deben ter a última palabra. Por iso, temos que reforzar o Parlamento fronte á Comisión e o Consello. Debemos evitar que sexan os *lobbies* e os poderosos quen tomen as decisións e continúen agravando as desigualdades que vivimos. Hai que superar os tratados para poñer Europa ao servizo da xente.

## 2. UNHA ECONOMÍA PARA AS PERSOAS

Temos que dar a volta á economía e poñela ao servizo dos intereses da maioría social. É imprescindible democratizar o goberno económico da Unión Europea, empezando polo Banco Central Europeo, garantindo un cambio de modelo produtivo que poña os dereitos no centro, asegure salarios dignos e protección social para todas e todos, e que loite pola xustiza fiscal e contra a evasión de impostos dos ricos.

## 3. GARANTÍA DE DEREITOS

Fronte a unha Unión Europea que recorta, Europa ten que garantir os dereitos sociais universais, coma a sanidade, a educación, as pensións ou a vivenda, polos que loitamos durante décadas, e que se revertan as políticas de austeridade dos últimos anos, que impiden a xustiza social. Hai que frear os actuais recortes en dereitos e liberdades da cidadanía, e fomentar a cultura coma base da diversidade europea.

## 4. UN HORIZONTE MORADO

Unha revolución feminista, As mulleres están marcando o camiño para construír unha sociedade nova e mellor para todas e todos. Queremos unha Europa que garanta a igualdade real das persoas LGBT, cunha lexislación que protexa a igualdade de trato. Necesitamos unha Europa sen discriminacións nin violencia, que recoñeza a libre decisión sobre os nosos corpos, con servizos públicos e salarios iguais, e cunha economía que se ocupe das persoas, poñendo a vida no centro.

## 5. PONTES, NON MUROS

As elites queren converter Europa nunha fortaleza para unha minoría privilexiada. Os dereitos das persoas que migran son os nosos dereitos, por iso temos que construír sociedades acolledoras e erixir pontes onde outros levantan muros e morte, creando vías legais e seguras para migrar e acabando coas devolucións ilegais e a criminalización das persoas migrantes.

## 6. COMERCIO CON XUSTIZA

O comercio internacional non ten por que ser unha ferramenta de espolio e control ao servizo das elites, como o é hoxe cos tratados comerciais. Europa debe facer do comercio un medio ao servizo da prosperidade colectiva, supeditado aos dereitos humanos, aos límites do planeta e a unha economía sen especulación mediante unha política que fortaleza un tecido produtivo e comercial que promova a xustiza económica mundial.

## 7. UNHA NOVA POLÍTICA EXTERIOR

O papel dunha Europa non subordinada a Trump, nun mundo militarizado e atravesado por conflitos crecentes, debe ser fomentar a paz, a solidariedade, a xustiza universal, a democracia, o multilateralismo e o dereito internacional.

## 8. UN HORIZONTE VERDE

O cambio climático esixe medidas urxentes para unha revolución ecolóxica que articule un cambio de modelo produtivo, e promova a sosteñibilidade, os dereitos para as persoas e unha nova relación cos animais. Un modelo que asegure empregos de calidade, soberanía dos sectores estratéxicos fronte á *uberización* da economía e unha transición enerxética xusta que non deixe a ninguén atrás. Non podemos permitir que os beneficios dunha minoría poñan en perigo o noso planeta. Porque non temos outro.

## 9. SOBERANÍA ALIMENTARIA

O sector primario necesita políticas xustas e sostibles que articulen un novo paradigma de relación entre as e os consumidores, as e os produtores do planeta, baseado en dereitos e non na lóxica do mercado. É necesario dala volta á Política Agraria Común e á Política Pesqueira Común para facer viables as pequenas e medianas explotacións agrarias, gandeiras e pesqueiras, e que non sirvan ao beneficio dos grandes propietarios.

## 10. MUNDO RURAL VIVO E XUSTIZA TERRITORIAL

Europa debe lograr a cohesión social e territorial entre as súas vilas. Para iso, é necesario garantir o dereito universal á auga e outros bens comúns baixo control público, unha democracia territorial que reforce o papel dos municipios, a solidariedade entre rexións europeas e aposte por infraestruturas que vertebran o territorio en lugar dos beneficios empresariais.